

**CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN REITORAL DE 15 DE XULLO
DE 2025 POLA QUE SE CONVOCA O CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS
14/25 PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DE INVESTIGACIÓN.**

Comunicado pola responsable da oferta con referencia 1425-156475 do concurso de méritos convocado mediante Resolución reitoral de 15 de xullo de 2025 pola que se convoca o concurso público de méritos 14/25 para a contratación de persoal de investigación que a categoría laboral non é a correcta e solicitada a súa modificación,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar a seguinte corrección de erros na oferta de referencia 1425-156475:

Onde di:

«Categoría laboral: Persoal técnico medio de apoio á investigación.

Titulación requirida: Grao ou equivalente. Nivel de inglés mínimo: B2 do Marco Común Europeo de Referencia, sendo válido tamén o anexo «Certificacións para acreditar os coñecementos de idiomas» publicado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional no ano 2021. Para persoas estranxeiras, requírese un nivel alto de castelán escrito e falado, equivalente a C1.»

Debe dicir:

«Categoría laboral: Persoal técnico superior de apoio á investigación.

Titulación requirida: Licenciatura ou mestrado. Nivel de inglés mínimo: B2 do Marco Común Europeo de Referencia, sendo válido tamén o anexo «Certificacións para acreditar os coñecementos de idiomas» publicado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional no ano 2021. Para persoas estranxeiras, requírese un nivel alto de castelán escrito e falado, equivalente a C1.»

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do



recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O REITOR

P.D. R.R. 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

Asinado dixitalmente por María Belén Rubio Armesto

